

**COMPARECENCIA CONCELEIRA SERVIZOS SOCIAIS, ENSINO E MULLER A SOLICITUDE DE AER**

PLENO 4 OUTUBRO 2012. ACTA 16/2012

Por parte do Grupo Municipal de A.E.R. Solicítase a comparecencia da concelleira de servizos sociais, ensino e muller, nos seguintes términos:

**“Para que nos informe sobre o grado de execución dos orzamentos do seu departamento”.**

A concelleira París Blanco sinala que executouse, aproximadamente un 80% do presuposto, atopándose pendente un 35% en servizos sociais e un 25% en ensino.

O concelleiro Varela Couñago felicita á concelleira por se-la presidenta do Fondo Galego de Solidariedade ao que se lle dan 2.000 euros polo Concello. Refírese a cómo se gasta o diñeiro nunha serie de convenios como da Asociación contra el Cáncer, Lenda, Cáritas, Xantar na Casa...etc nos que aínda non gastou nada. Sinala que lle queda o 90% do orzamento por gastar en moitas partidas E dille que aproveite que veñen as eleccións. Di que os convenios deportivos saíron rápido pero non así outros que van moi despacio. Sinala que non ten executados moitos gastos de carácter social a excepción dos gastos de axuda no fogar e a ludoteca. Descoñece os criterios de gastos e cómo se organizan os pagos. Consideran que os gastos non son obxectivos nin transparentes. Di que en ensino pasa máis ou menos o mesmo e moitas partidas están sen executar. Non sabe o modelo de funcionamento e os criterios que sigue. Acúsalle de facer propaganda.

A concelleira París Blanco dí que a cuota do Fondo Galego non é de agora xa que ven de moi atrás. Sinala que os convenios nominativos non se puideron aprobar ata despois de publicado o presuposto, no mes de xuño: algúns están listos e outros a piques de saír ou lles falta algunha documentación. Dí que unha cousa son as previsións de gastos e outras os gastos efectivos. Teñen intención de regular as emerxencias sociais para ter uns criterios obxectivos. En canto as subvencións de comedor están facendo unhas bases subindo os topes máximos de renda para que entren máis familias atopándose practicamente listas para saír. Hai outras iniciativas importantes para a xente maior...etc. Dí que as subvencións das ANPAS están pendentes e hai problemas para a xustificación das axudas. Están tratando de facer un gasto responsable e considera que chegarán ao 100 por 100 do gasto ata fin de ano.